



RESOLUCIÓN

Vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, os artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, de 20 de setembro de 2013 e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Redondela polo que respecta á liquidación do Orzamento.

Visto que finalizaron os traballos de contabilización e peche do exercicio contable do ano 2017. Visto que se procedeu á elaboración da liquidación.

Visto que se emitiu Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de avaliación do cumprimento da regra de gasto.

Visto que a Intervención municipal evacuou o informe correspondente ó que fai referencia o artigo 191 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e o informe correspondente o que fai referencia o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria.

Visto que esta Alcaldía o día 28 de marzo a través da Resolución de Alcaldía 2018-0914 aprobou a devandita liquidación.

Visto que trala remisión da liquidación a través da oficina de coordinación financeira das entidades locais mediante a aplicación de captura da liquidación, a Intervención detectou que nos seus informes contíñanse erros nalgunhas magnitudes aprobadas na liquidación, provocando a emisión do informe con referencia ASR-09.05.18.1 e no que se di que:

“...observouse a existencia de dous erros que provocan que as magnitudes da estabilidade orzamentaria, do remanente de tesourería e da regra de gasto non estean ben calculadas.

No caso das dúas primeiras magnitudes, o erro provén do dato do saldo de acredores por devolución de ingresos a final do período que nos informes da liquidación que aparece por 10.497,34 €, cando o importe debía ser de 14.058,51 €. Como ese dato é utilizado para o cálculo da estabilidade orzamentaria e para o remanente de tesourería, os seus importes deben ser modificados. Así, no caso da estabilidade orzamentaria, esta cantidade debe pasar de 1.603.047,78 € a 1.599.486,61 €, o que fai que en termos agregados pase de 1.606.189,74 € a 1.602.628,57 €. Mentres, na remisión do anexo F.1.1.8 Remanente de tesourería, recolle o que chama remanente de tesourería de gastos xerais axustados, sendo un dos compoñentes para o seu cálculo, o consabido saldo de acredores por devolución de ingresos a final do período. Así, o importe pasará de 3.639.227,55 € a

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



3.635.666,38 €. En todo caso, este dato non forma parte do texto da resolución da liquidación.

Mentres, no caso da regra de gasto, a diferenza provén do importe agregado dos investimentos financeiros sostibiles que nos informes de liquidación do Concello do ano 2017 aparecía pola cantidade de 336.101,38 €, cando o importe correcto ascende a 336.100,77 €, o que fai que o importe final da regra de gasto ascenda a 1.701,67 € e non a 1.702,28 €, o que en termos agregados fai que a regra de gasto que ascendía a 2.906,90 € en realidade sexa de 2.906,29 €”.

Vese por tanto a necesidade de recoller correctamente as magnitudes xa referidas no informe

RESOLVO:

Primeiro: Que a estabilidade orzamentaria esta presenta un superávit de 1.602.628,57 € en termos consolidados, polo que se atopa en estabilidade orzamentaria.

Cúmprese a regra de gasto en 2.906,29 € en termos agregados.

Segundo: Que o resto das magnitudes que se contiñan na Resolución de Alcaldía 2018-0914 son correctas.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.